



**DECLARACIÓN DE INTENCIONS PARA NOVAS PROPOSTAS
TITULACIONES DE GRAO E MESTRADO
Implantación no curso 2027-2028**

Normativa reguladora máis relevante:

- [Real Decreto 822/2021](#) polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e o procedemento de aseguramento da súa calidade
- [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo [Decreto 161/2015](#)
- [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011
- Normativas e acordos propios das universidades participantes na titulación

DATOS DA PROPOSTA		
Denominación do título proposto	Máster en Viticultura e Enoloxía	
Ámbito de coñecemento conforme a relación que figura no anexo I do RD 822/2021 (só se pode incluír un ámbito)	Ciencias agrarias e tecnoloxía dos alimentos.	
Titulación conxunta	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	
No caso de titulacións conxuntas, universidades participantes con indicación da universidade coordinadora	Non Procede	
Centros de impartición nas universidades participantes, con indicación da universidade á que pertence cada centro	Facultade de Ciencias	
Datas das xuntas de centro nas que se aproba a proposta	18/10/2024 06/02/2026	
Persoas de contacto nos centros que participan na proposta	1.	Nome: Pedro A. Araujo Nespereira
		Email: araujo@uvigo.gal
		Cargo: Decano
	2.	Nome:
		Email:
		Cargo:



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo

	<p>3.</p> <p>Nome:</p> <p>Email:</p> <p>Cargo:</p>
Proposta de título ligado a competencias profesionais reguladas	<p><input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p>Indicar a profesión regulada:</p>
Modalidade de impartición <i>Pódense marcar varias opcións</i>	<p><input type="checkbox"/> Presencial <input checked="" type="checkbox"/> Híbrida <input type="checkbox"/> Virtual</p>
Número de ECTS do título	60
Áreas de coñecemento que poderían participar na docencia <i>Incluír relación, con indicación da universidade á que pertencen</i>	<p>063-Botánica</p> <p>555-Enxeñería Química</p> <p>630- Microbioloxía</p> <p>755- Química Física</p> <p>780-Tecnoloxía dos alimentos</p> <p>505- Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría</p> <p>640-Nutrición e Bromatoloxía</p> <p>750-Química Analítica</p> <p>150-Dereito Financiero e Tributario</p> <p>125- Dereito Administrativo</p> <p>381-Filosofía do Dereito</p> <p>240-Edafoloxía e Química Agrícola</p> <p>650-Organización de Empresas</p> <p>095-Comercialización e Investigación de Mercados</p>
Proposta de comisión redactora segundo o artigo 5.7 do RD 822/2021 e as normativas das universidades participantes <i>Indicar expresamente os membros da comisión e a universidade á que pertencen</i>	<p>1. Presidenta da Comisión: Fernández González, María</p> <p>2. Secretaria da Comisión: Pérez Álvarez, María José</p> <p>3. Vogais da Comisión: Fernández Calviño, David González Barreiro, Carmen Falqué López, Elena Gullón Estévez, Beatriz Astray Dopazo, Gonzalo</p>
Proposta de comité asesor externo <i>Xustificar a súa relevancia</i>	<p>Carlos Alberte, Director Viticultura da adega Viña Costeira</p> <p>Débora Franco Vázquez, Responsable de Negocio de Monet Viticultura</p> <p>Eva Navascués, Directora de I+D+i da adega Alma de Carrovejás</p>



<p>Incluír unha breve descrición dos obxectivos formativos do título</p>	<p>O Máster en Viticultura e Enoloxía ofrecerá aos estudantes unha formación integral, tanto teórica como práctica, nas áreas de viticultura, enoloxía, economía, lexislación, turismo e comercialización vitivinícolas. O programa abordará estas disciplinas tanto a nivel nacional como internacional, co obxectivo de preparar a profesionais altamente cualificados que posúan unha comprensión global dos desafíos actuais no sector, e que esteen capacitados para satisfacer as demandas de empresas e organismos relacionados.</p>
<p>CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS XERAIS PARA NOVAS TITULACIÓNS NO SUG <i>Artigo 4 do Decreto 222/2011</i></p>	
<p>Ter en conta a estrutura económica da Comunidade Autónoma, as necesidades do seu mercado laboral e a existencia dunha demanda real por parte da sociedade e do estudantado, procurando a incorporación de perfís profesionais de futuro e vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/></p> <p>Breve explicación: O sector vitivinícola representa en torno ao 1,4% do PIB de Galicia. Este sector contempla as actividades de viticultura, elaboración de viño e comercialización do mesmo, xera un Valor Engadido Bruto (VAB) a redor dos 890 millóns € anuais en Galicia, incluíndo os efectos directo, indirecto e inducido. A demanda do estudantado matriculado en titulacións de máster nos últimos anos, 2013 a 2024, aumentou ao redor do 20%. Respecto á demanda potencial de estudantes egresados a nivel galego incrementouse un 12%.</p> <p>Galicia conta cun tecido empresarial vitivinícola atomizado, integrado por un amplo número de adegas elaboradoras de viño, a maioría delas de reducida dimensión. Estímase que a actividade vitivinícola contribúe á xeración e mantemento de máis de 8.820 postos de traballo directos alcanzando os 15.900 cos indirectos.</p>



<p>Ter carácter esencial ou estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do SUG</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/></p> <p>Breve explicación: Dentro do SUG non existe ningún título de máster relacionado co sector vitivinícola, por iso é polo que este máster situado neste centro ten carácter estratéxico, xa que a provincia de Ourense dispón de 4 das 5 denominacións vitivinícolas de Galicia (Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrey e Valdeorras) o cal é indicativo do impacto estratéxico deste sector.</p>
<p>Acreditar a súa viabilidade económica segundo os recursos dispoñibles</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/></p> <p>Breve explicación: Na Facultade de Ciencias leva impartíndose desde o curso 2014/2015 o Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental, este máster ten modalidade semipresencial, así como materias onde as practicas realízanse nos laboratorios da Facultade de Ciencias, por tanto, a día de hoxe cóntase coa totalidade de recursos materiais e servizos necesarios para a impartición do Máster en Viticultura e Enoloxía.</p>
<p>Fomentar o espírito emprendedor e o autoemprego</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/></p> <p>Breve explicación: No Máster contéplase como formación prácticas en empresa, o que axudará ao alumnado a fomentar o seu espírito crítico e emprendedor, ademais contéplanse dúas materias relacionadas co mundo empresarial as cales fomentarán no alumnado o seu espírito emprendedor e capacidade crítica.</p>
<p>Ter en conta cuestións de oportunidade, innovación docente e investigadora e a súa incardinación en redes internacionais de calidade e coherencia cos plans estratéxicos das universidades participantes</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/></p> <p>Breve explicación: Para o presente Máster non se expoñen estratexias metodolóxicas como se contemplan no RD822/2021, pero si se desenvolveran metodoloxías innovadoras nas diferentes materias, así como nas prácticas de empresa que é unha materia obrigatoria que todo o alumnado ten que cursar.</p>



Incluír unha descrición dos mecanismos que permitan unha revisión da titulación no caso de cambios significativos na demanda por parte da sociedade, dos/as estudantes e do ámbito económico profesional	<input checked="" type="checkbox"/> Breve explicación: Seguiranse os procedementos aprobados no Sistema de Calidade do Centro.
Non coincidir con obxectivos e contidos doutros títulos oficiais existentes na mesma universidade (50 % de igualdade) a fin de evitar a duplicidade de títulos	<input checked="" type="checkbox"/> Breve explicación: Non coinciden os obxectivos nin os contidos con outra oferta formativa dentro desta Universidade.
Xustificar o encadramento da proposta dentro da oferta global galega, a fin de garantir o equilibrio nos diferentes campus e potenciar a súa singularidade dentro do SUG	<input checked="" type="checkbox"/> Breve explicación: Dentro do SUG non existe outra formación equivalente, encadrándose no Campus Auga dada a singularidade da provincia na que nos atopamos con relación ao sector vitivinícola.
CUMPRIMENTO DOS CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA NOVAS TITULACIÓNS NO SUG <i>Artigo 5 do Decreto 222/2011</i>	
GRAOS <i>Deberán cumprir polo menos 2 destes criterios</i>	
Ser interuniversitarios, coa participación dun mínimo de dúas universidades do SUG	<input type="checkbox"/> Breve explicación:
Incluír actividades docentes e de avaliación en rede	<input type="checkbox"/> Breve explicación:
Ter un deseño curricular que favoreza a empregabilidade	<input type="checkbox"/> Breve explicación:
Favorecer a retención de talento no ámbito socioeconómico galego	<input type="checkbox"/> Breve explicación:
MESTRADOS UNIVERSITARIOS <i>Deberán cumprir polo menos 3 destes criterios</i>	
Ser interuniversitarios	<input type="checkbox"/> Breve explicación: NO PROCEDE
Outorgar competencias profesionais	<input type="checkbox"/> Breve explicación: NO PROCEDE



<p>Ter unha orientación laboral ou práctica</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/></p> <p>Breve explicación: A orientación práctica e profesional preséntanse como piares dentro da formación plantexada no máster, integrando a formación do alumnado nos laboratorios de investigación e planta piloto, así como a colaboración directa con empresas e administracións do sector vitivinícola. A transferencia do coñecemento e a empregabilidade do alumnado verase favorecida mediante a realización de prácticas externas en empresas relacionadas co sector vitivinícola.</p>
<p>Xustificar o apoio e colaboración de empresas e institucións do ámbito socioeconómico</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/></p> <p>Breve explicación: A Facultade de Ciencias conta con convenios de colaboración en formación e investigación con importantes empresas deste sector. Entre elas salientamos: Cooperativa Viña Costeira, Adega Viña Mein, Viñedos e Adega Dominio de Tares S.A., Adega Crego e Monaguillo, Adegas Dominio do Bibeí, TECVIN, Vinos & Adegas Gallegas S.A, Adega Paco & Lola, Bodega Pazo Quinteiro da Cruz S.L., Adegas Coto Redondo S.L., Adegas La Val, Adegas Lagar de Pintos, S.L. e Adegas Marqués de Vizhoja</p>
<p>Garantir as prácticas do estudantado, de ser o caso</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/></p> <p>Breve explicación: A Facultade de Ciencias conta cunha ampla experiencia no programa de prácticas en empresa, que garante a formación do alumnado en empresas relacionadas co sector vitivinícola.</p>



Cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral	<input checked="" type="checkbox"/> Breve explicación: O máster aspira a converterse nunha plataforma de especialización avanzada e de transferencia de coñecemento entre Universidade e o sector produtivo. A implicación de empresas vitivinícolas e denominacións de orixe garanten a súa relevancia e adecuación ás necesidades do mercado.
Ter carácter internacional	<input type="checkbox"/> Breve explicación: NON PROCEDE
XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA <i>Apartado primeiro, punto 3 do acordo para a definición do marco xeral de actualización do mapa de titulacións do SUG</i>	
Xustificación da demanda baseada en evidencias	<p>O Máster Universitario en Viticultura e Enoloxía da Universidade de Vigo xorde como resposta á necesidade de formación especializada nun sector estratéxico para Galicia e de crecente proxección internacional. A Comunidade Autónoma de Galicia conta con máis de 33.000 hectáreas de viñado e unha produción media superior a 777.000 hectolitros, concentrando o 2,3% da produción vitivinícola española. O sector representa ó redor do 1,4% do PIB galego e xera uns 15.900 empregos directos e indirectos, polo que a súa relevancia económica, social e territorial resulta indiscutible. A actividade vitivinícola galega caracterízase pola súa dispersión, a elevada calidade dos seus produtos e a súa función dinamizadora do medio rural, contribuíndo á fixación de poboación, á economía do sector agrícola e á sustentabilidade ambiental. A crecente internacionalización do sector, con máis de 480 empresas exportadoras e un incremento sostido das vendas ao exterior, esixe profesionais cualificados capaces de afrontar retos como a innovación, a competitividade global e o cambio climático.</p>



Xustificación dos perfís profesionais que cubriría a titulación e as competencias das persoas tituladas

O Mestrado en Viticultura e Enoloxía responde a demanda de profesionais altamente cualificados nun campo estratéxico do sector primario de Galicia. Entre os perfís profesionais que contempla a titulación, salientamos:

Enólogo. Responsable da produción do viño, participa en todas as etapas do proceso vinícola, desde o cultivo das uvas ata a fermentación, crianza e embotellado.

Viticultor. Encargado do cultivo e manexo do viñado.

Ampeólogo. técnico especializado no cultivo da vide e a adaptación desta aos distintos chans e climas.

Vinicultor. Encárgase do proceso de elaborar o viño e o seu almacenamento.

Catadores. Dedícanse a probar os viños para informar da súa calidade e propiedades.

Encargados de comercio exterior. Prospección de mercados e ligazón entre adega e distribuidores internacionais.

Administrativos. Controlan o stock, os ingresos e os gastos, facturas e o resto de trámites que existen nunha adega.

Marketing e comunicación. Realiza o plan de márketing para conseguir chegar aos clientes e para a creación dunha marca que identifique os seus viños.

Investigadores. A industria do viño está en continua evolución e son moitos os investigadores que traballan por mellorar a súa calidade e diversidade, así como a optimización dos procesos de produción e elaboración.

Especialistas en turismo enolóxico. Profesionais especializados en deseñar e coordinar actividades que promovan o enoturismo.



<p>Xustificación da relación coa contorna social</p>	<p>O plan de estudos que se plantexa debe perseguir e conseguir, a mellora da empregabilidade do egresado e adicionalmente a retención de talento. En relación con este punto, destacar que, cas recomendacións aportadas perséguese a formación de perfís profesionais polivalentes, preparados para encarar o seu futuro profesional nas distintas funcións das empresas e en calquera eido do sector vitivinícola.</p> <p>Por outra banda, debe terse en conta o enfoque práctico do título para conseguir maior conexión coa realidade empresarial e, desta maneira, desenvolver desde un principio profesionais preparados e adaptados á realidade da actividade vitivinícola. En relación con esta finalidade, pódese destacar que o deseño do título, ademais de enfocar os 60 ECTS, inclúe a conexión directa con empresas e institucións do sector para o desenvolvemento de prácticas curriculares, a realización de charlas e talleres prácticos, visitas a adegas, catas, conferencias e viaxes de aprendizaxe.</p> <p>Con este conxunto de actividades fomentamos o achegamento dos egresados ao tecido empresarial e social do sector.</p>
<p>Evidencias da participación de axentes externos no desenvolvemento do proxecto de título</p>	<p>O Campus Auga, na súa traxectoria, ven de implicarse na relación co tecido empresarial do sector, evidenciándose a transferencia do coñecemento mediante do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación. A mostra de esta interacción son os diferentes proxectos de carácter autonómico, nacional e europeo, así como o desenvolvemento de doutoramentos industriais nos que se fomenta unha colaboración bidireccional entre o estamento académico e os axentes empresariais.</p>
<p>DOCUMENTACIÓN QUE É PRECISO ACHEGAR COA DECLARACIÓN DE INTERESE</p>	



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo

Acordos das xuntas dos centros que interveñen na proposta

SINATURAS DAS PERSOAS RESPONSABLES DA PROPOSTA

Indicar nome completo e cargo

Pedro A. Araujo Nespereira
Decano

Data límite para a presentación da declaración de interese: 17/10/2025

Remitir a:

UDC: vti@udc.gal

USC: sxopra@usc.gal

UVigo: verifica.grao@uvigo.gal (grao); verifica@uvigo.gal (máster)